

## **ANEXO IV**

---

### **MEDIOS MATERIAIS**

#### VEHÍCULOS

##### *a. Dotación e calidade dos vehículos a empregar*

Utilizando como referencia para a valoración os vehículos e maquinaria relativos ao lote 1 dos "**Anexo XVI** - número e características vehículos recollida lote1 lote2" e "**Anexo XVII** - número e características maquinaria limpeza viaria lote1" para recollida de lixo e limpeza viaria, as empresas licitadoras incluírán unha ficha por cada vehículo asociado ao servizo, indicando:

- Fotografía/s.
- Marca e modelo.
- Dimensións.
- Peso.
- Características de interese para a prestación adscrita.
- Potencia.
- Combustible.
- Consumo teórico (litros/100km).
- Clasificación DGT (0 emisións, ECO, B, C).
- Norma Euro de homologación.

##### *b. Plan de mantemento e limpeza.*

Calidade e intensidade do plan de mantemento e limpeza dos vehículos, que deberá garantir unha adecuada prestación durante todo o contrato.

##### *c. Nivel de emisións anual polas características ambientais dos vehículos propostos*

O nivel de emisións anual en toneladas de CO<sub>2</sub>/ano para 12 meses de operación completa co novo servizo, será o resultado de multiplicar os litros de combustible (diésel ou gasolina) consumidos (a súa vez, os litros de combustible serán o resultado de quilómetros recorridos polo consumo teórico) polo factor de emisión do combustible utilizado.

Os vehículos 100% eléctricos terán unha consideración de factor de emisión nulo, ou 0 toneladas de CO<sub>2</sub>/ano.

Presentarase unha táboa de emisións anuais total co detalle: orgánica 5º contedor, resto ou rexeitamento, envases lixeiros e limpeza viaria.

Non se terán en conta para o cálculo as emisións dos vehículos auxiliares eu os utilizados na operación da compostaxe comunitaria e doméstica,.

## **MELLORAS**

*a. Instalación e utilización dun sistema de aproveitamento da enerxía fotovoltaica para o abastecemento autónomo da nave de servizos e carga dos vehículos eléctricos*

- >=10kW de potencia instalada - -- punto
- >=20kW de potencia instalada - -- puntos
- >=30kW de potencia instalada - -- puntos
- >=40kW de potencia instalada - -- puntos

*b. Número de camiós recolectores de carga lateral con capacidade de carga total superior a 20 toneladas 100% eléctricos (-- puntos)*

- 1 camión >20 tons 100% eléctrico - -- puntos
- 2 camiós >20 tons 100% eléctrico - -- puntos

*c. Número de varredoras de vías e/ou lava-beirarrúas 100% eléctricas (-- puntos) Ata -- puntos, -- punto por cada vehículo 100% eléctrico, sempre que alcancen ou superen o 80% das seguintes capacidades e características mínimas:*

A varredora eléctrica compacta: tolva de residuos de 2m<sup>3</sup>, autonomía de auga de 400 litros, e autonomía de traballo de 7 horas.

O vehículo de lavado de beirarrúas eléctrico: tanque de auga para limpeza con capacidade 2.500 litros, bomba mínimo 80 bar, ancho mínimo de baldeo de 2.4m, e autonomía de traballo de 7 horas.

- 1 varredora ou vehículo de lavado de beirarrúas 100% eléctrico - -- puntos
- 2 varredoras ou vehículos de lavado de beirarrúas 100% eléctricos - -- puntos
- 3 varredoras ou vehículos de lavado de beirarrúas 100% eléctricos - -- puntos
- 4 varredoras ou vehículos de lavado de beirarrúas 100% eléctricos - -- puntos